



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 41)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **oito de outubro de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Argelio Fernández Queipo, D. Álvaro Santos Ramos, D^a. M^a. del Pilar García Porto e D. Lino Rodríguez Onega.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de setembro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE A FONSAGRADA.- ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 “FONSAGRADA (LU-530)-NAVIA (LU-722)”, P.K. 0+000 - 4+350.

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto técnico e contratación das obras de: A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350, redactado polo Servizo de Vías e Obras.

Os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adjudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adjudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da



LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Servizo de Vías e Obras, xunto co informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase aos prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Na Acta de reformulo previo estendida con data 23 de maio de 2018, reflíctese que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras ás que se refire a acta.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350, sometelo a información pública por espacio de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 780.000,00 €, dos cales 135.371,90 € corresponden ao IVE (21%).

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE LUGO.- MELLORA E POSTA EN VALOR DOS HORTOS URBANOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO NO PARQUE DO RÍO RATO E PARADAI, SEGUNDO PROXECTO “OS AGROS DO RATO E PARADAI”.

Logo de ver o expediente administrativo relativo á aprobación do proxecto técnico e contratación das obras de: LUGO.- Mellora e posta en valor dos hortos urbanos da Deputación de Lugo no parque do río Rato e Paradai, segundo o proxecto “Os Agros do Rato e Paradai”, redactado polo Servizo de Vías e Obras.

Os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Servizo de Vías e Obras, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento. Incorporárase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Na Acta de reformulo previo estendida con data 18 de abril de 2018, reflíctese que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a



viabilidade do proxecto e a execución das obras ás que se refire a acta faise constar que existe dispoñibilidade dos terreos axeitados para a normal execución das obras, así como as autorizacións administrativas pertinentes.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- Mellora e posta en valor dos hortos urbanos da Deputación de Lugo no parque do río Rato e Paradai, segundo o proxecto “Os Agros do Rato e Paradai”, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 87.344,37 €, dos cales 15.158,94 € corresponden ao IVE (21%).

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE XERMADE SOLICITANDO UNHA NOVA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DUN INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial en sesión ordinaria e extraordinaria de datas 28 de marzo e 16 de xuño de 2017 respectivamente se acordou a aprobación das Bases Reguladoras e o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Resultando que a Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2017 acordou conceder ao Concello de Xermade unha prórroga para a adxudicación das obras incluídas en dito Plan (nº 259,

260, 261, 262, 263, 264 e 265) ata o 4-12-2017. Con data 22 de decembro de 2017 a Xunta de Goberno concede ao Concello de Xermade unha segunda prórroga para a adxudicación da obra incluída no Plan Único (nº 265) ata o 4-02-2018; Pola Xunta de Goberno, en data 9-2-2018, acordouse concederlle unha nova prórroga para a adxudicación da obra incluída no mesmo Plan (nº 265) ata o 30-6-2018. Así mesmo en Xunta de Goberno con data 22 de xuño de 2018, acordouse concederlle unha nova prórroga para a adxudicación do investimento incluído (nº 265) ata o 30 de setembro de 2018.

O Concello de Xermade incluíu ao abeiro do Plan Único 2017, entre outros, o seguinte investimento:

XERMADE	265	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE CAMIÓN GUINDASTRE			
		FINANCIACIÓN	22.000,00	0,00	22.000,00	

Resultando que o Alcalde do Concello de Xermade, a través de escrito de data 26 de setembro de 2018, solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización do contrato da obra (265) incluída no Plan Único 2017, ata o día 31 de outubro 2018, ao non poder adxudicalas no prazo inicialmente concedido segundo xustificación manifestada.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Xermade, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación da obra indicada, debendo de remitir a esta Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración.

CONCELLO	Nº OBRA PLAN ÚNICO 2017	PRÓRROGA ATA
XERMADE	265	31-10-2018

2º.- Trasladar o presente acordo ao Concello de Xermade para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.



5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIONES DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Examinadas as facturas remitidas pola Intervención xeral relacionadas con gastos ocasionados pola prestación de diversos servizos prestados a esta administración cuxos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Investigación y Control Lugo, S.L. (Inveco)	2017-598	31/07/17	23.626,04	Servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, dende o 01/06/2017 ata o 27/07/2017.
Investigación y Control Lugo, S.L. (Inveco)	2017-711	31/08/17	5.567,27	Servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, dende o 01/08/2017 ata o 31/08/2017
Investigación y Control Lugo, S.L. (Inveco)	2017-775	29/09/17	1.106,67	Servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, dende o 01/09/2017 ata o 29/09/2017
Investigación y Control Lugo, S.L. (Inveco)	2017-858	31/10/17	1.413,16	Servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, dende o 01/10/2017 ata o 31/10/2017
Investigación y Control Lugo, S.L. (Inveco)	2017-918	30/11/17	1.223,92	Servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, dende o 01/11/2017 ata o 30/11/2017
SUMA			32.937,06 €	

Logo de ver que xunto coas facturas constan:

a).- As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas pola persoa que nesa data era o Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

b).- Declaración responsable de Investigación y Control Lugo, S.L., de que ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

c).- Memoria xustificativa para cada unha das cinco facturas relacionadas neste informe, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo responsable do centro xestor.

As demoras producidas na adxudicación destes servizos, por fin ultimadas na actualidade, resultan imputables ás dificultades propias dun procedemento garantista na licitación e na adxudicación.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desas prestacións débemola entender inmanente ao expediente contractual previamente existente pero cuxo prazo de duración estaría vencido, lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas. E tamén as licitacións de ditos servizos xa adxudicadas, confirman a necesidade e idoneidade desas prestacións.

As cinco facturas relacionadas son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2018, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato. A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da



Deputación Provincial unha vez salvado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Logo de ver os informes dos Servizos de Vías e Obras, de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das facturas relacionadas (Nº 2017-598 de data 31/07/2017, Nº 2017-711 de data 31/08/2017, Nº 2017-775 de data 29/09/2017, Nº 2017-858 de data 31/10/2017, e Nº 2017-918 de data 30/11/2017; emitidas por Investigación y Control Lugo, S.L. – Inveco), correspondentes aos servizos de asistencia técnica consistentes en ensaios de control de calidade das obras realizadas baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras, nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro, outubro e novembro do 2017.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial ao Consello Regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do “Festival do viño da Ribeira Sacra”, na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada por esta Ecma. Deputación Provincial ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do “Festival do Viño da Ribeira Sacra” durante a anualidade 2018, polo importe 25.000,00 €.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Turismo, de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000,00€, a favor do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada, “Festival do Viño da Ribeira Sacra” na anualidade 2018 subvención incluída na Liña- 6.c), titulada “Outras Actuacións Específicas”, da Área de Medio Rural e do Mar, do PES desta Deputación Provincial 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 25.000,00€ con cargo ao vixente orzamento desta Entidade Provincial para o ano 2018 a favor do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Festival do Viño da Ribeira Sacra”.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

Segundo.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial a La Ley del Plomo AIE, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Producción audiovisual: Á Sombra da Lei” na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á La Ley del Plomo AIE, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Producción audiovisual: A Sombra da Lei”, polo importe de 30.000,00€.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 5.2 – Cultura, pertencente á Área funcional de Turismo e Cultura do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de satisfacer as demandas culturais do conxunto da cidadanía e a potenciación e a conservación da cultura en todas as súas vertentes.



Tendo en conta os informes dos Servizos de Turismo e Cultura, de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 30.000,00€ a favor da entidade La Ley del Plomo AIE, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “*Producción audiovisual: A Sombra da Lei*”, subvención incluída na Liña 5.2 – Cultura, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 30.000,00€ con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor de La Ley del Plomo AIE, para sufragar os gastos derivados do mentado proxecto.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

Terceiro.- *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en “Cooperar na promoción do turismo, cultura e impulso económico da Mariña Occidental: Semana Santa de Viveiro 2018”.*

Logo de ver que con data 31 de maio de 2018 tivo entrada nesta Entidade Provincial solicitude presentada pola Alcaldesa do Concello de Viveiro para implementar unha relación interadministrativa de cooperación, concorrendo títulos competenciais e un obxectivo común: “Cooperar na celebración de diversas actividades e actuacións na Semana Santa de Viveiro 2018, promocionando o Turismo, Cultura e impulso económico da Mariña Occidental”.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación, no marco dunha relación interadministrativa entre o Concello de Viveiro e esta Excma. Deputación Provincial, en exercicio dunha competencia compartida, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na promoción do turismo, cultura e impulso económico da Mariña Occidental

aproveitando a Semana Santa, non constituíndo unha prestación propia dos contratos, guiado por razóns de interese público e conformando unha canle para a satisfacción con eficacia do fin común, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións para o que se comprometen a realizar as seguintes aportacións:

ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DO CONCELLO DE VIVEIRO
Cooperación para a promoción do turismo, cultura e impulso económico da Mariña Occidental, a través da celebración de diversas actividades e actuacións: a Semana Santa de Viveiro 2018	25.000,00€	5.000,00€

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida e asumindo a obriga de desenvolver as actividades xurídico administrativas e técnicas necesarias para cumprir os compromisos, respectiva e reciprocamente asumidos no Convenio.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na promoción do turismo, cultura e impulso económico na Mariña Occidental: Semana Santa de Viveiro 2018, cun orzamento total de 30.000,00 €; a achega da Deputación ascende á contía 25.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 25.000,00€ con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Entidade Provincial para a anualidade 2018.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO, DO CONTRATO DA OBRA PARA A CONSTRUCCIÓN DA RESIDENCIA DE BECERREÁ.



Logo de ver o informe do Servizo de Contratación e Fomento, do seguinte teor:

“Antecedentes administrativos.

En data 29 de novembro de 2016, aprobouse polo Pleno da Deputación Provincial o convenio de colaboración con Concello de Becerreá coa finalidade de colaborar na demolición de edificación do antigo Fogar Escola e construción e xestión dun Centro de día e residencial comarcal en Becerreá, que se subscribiu o 19 de decembro de 2016.

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 4 de agosto de 2017 aprobou o proxecto técnico e os Pregos de Condicións, xunto co gasto, o procedemento de contratación e o correspondente expediente.

Na sesión da Xunta de Goberno de 22 de decembro de 2017 adxudicouse a contratación da obra de BECERREÁ.- Construción Centro de Día e Residencial Comarcal en Becerreá, á mercantil COPCISA, SA.

O contrato administrativo asinouuse o 10 de xaneiro de 2018, publicándose anuncio de adxudicación no BOP de data 12 de xaneiro de 2018.

A dirección técnica da obra adxudicouse por acordo da Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2018, a D. Santiago Catalán Tobía.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2018 adxudicouse a dirección de execución da obra referenciada a D. José Luis Pardo Pérez e a coordinación de seguridade e saúde a dona María Josefa Álvarez Martínez.

Por Resolución da Presidencia de data 15 de marzo de 2018 designouse responsable do contrato a D^a Mónica Marras Mosquera.

a) *Recíbese no Servizo de Contratación e Fomento, entregada pola Dirección Técnica da obra referenciada, actas de comprobación de reformulo de dita obra, de data 16 de marzo de 2018, sen a sinatura do representante da empresa adxudicataria, que segundo indica, se nega a asinar a acta.*

b) *En data 20 de marzo de 2018, entra neste Servizo de Contratación e Fomento escrito da mercantil COPCISA SA, adxudicataria da obra indicada, no que se informa, ao seu parecer, dos motivos da non sinatura da acta de reformulo, indicando no que podemos considerar apartado conclusivo que a acta de replanteo debe ser negativa en tanto non se acorde unha solución do problema para realizar o inicio das mesmas.*

c) *En data 23 de marzo de 2018, emítase informe polo Servizo de Contratación e Fomento en relación coa incidencia da non sinatura da acta de comprobación do reformulo por parte dos representantes da mercantil COPCISA SA, do que se da traslado á dirección técnica coa finalidade de coñecer si as reservas do adxudicatario son fundadas ou infundadas; o cal se lle remite a través de correo electrónico ese mesmo día 23 de marzo de 2018.*

d) *En data 26 de marzo de 2018, entra nesta Deputación, a través do rexistro electrónico, dos escritos da mercantil COPCISA SA, relativos ás reservas formuladas á comprobación do replanteo e solicitude de resolución do contrato da obra referida.*

e) *En data 28 de marzo de 2018 tivo entrada no rexistro desta Deputación escrito da mercantil COPCISA SA que reproduce o enviado por rexistro electrónico o 23 de marzo de 2018.*

f) *En data 3 de abril de 2018 rexístrase nesta Deputación escrito da mercantil COPCISA SA que reproduce o achegado o 23 de marzo de 2018.*

Observamos que nalgúns escritos de COPCISA SA (p.ex. o que ten rexistro de data 28-3-2018) pídesse xunto coa emisión dunha acta de reformulo negativa, con resultado de disconformidade, a suspensión da execución das obras e a indicación á Dirección das obras de estudar as modificacións do proxecto proposta e a redacción no prazo de quince días dunha



estimación razoada do importe desas modificacións necesarias ao proxecto. Nembargantes, no escrito que ten rexistro de entrada o 3 de abril de 2018, o que solicita é a resolución do contrato por causa non imputable a COPCISA SA, recollida no artigo 237 do TRLCSP.

En base ao informe deste servizo de data 23 de marzo de 2018, solicítouse informe á dirección técnica e ao responsable o contrato. Emite informe tanto a dirección técnica como ao responsable do contrato, co resultado que consta incorporado ao expediente.

En síntese, a dirección técnica aduce que as reservas de aspectos técnicos do proxecto que aduce COPCISA SA non son fundadas, non existindo motivo técnico par suspender a iniciación das obras. A responsable do contrato conclúe que ningún dos argumentos expresados pola empresa adjudicataria impide o comezo da obra, se ben en canto aso argumentos de carácter técnico, precisa “(...)

La necesidad de instalar un transformador puede resolverse al mismo tiempo que se ejecuta el proyecto y sin necesidad de incluirlo en él, es decir puede, en el supuesto de que sea imprescindible su instalación, ser objeto de otra obra y por tanto de otra licitación.

El cambio recuperadores de calor y de la aparamenta de los cuadros eléctricos, supone la modificación de las especificaciones técnicas de equipos cuya instalación ya está contemplada en el proyecto y que puede incluso que no tenga incidencia sobre e presupuesto, pero que en cualquier caso no impide el comienzo de la obra.

La no inclusión de los muros, de escasa cantidad, que hay en la parcela, supone un incremento de medición en el capítulo de demoliciones del proyecto, de mínima económica”.

Na data do 6 de abril de 2018, e previo informe deste Servizo, a Xunta de Goberno, resolve sobre as incidencias producidas en relación coa execución deste contrato (Construción Centro de Día e Residencial Comarcal en Becerreá), nos seguintes termos: “(...)

1. Determinar que no existe fundamento para non iniciar as obras de BECERRÉA.- Construción Centro de Día e Residencial Comarcal en Becerreá, na data fixada para extender a acta de comprobación de reformulo (16-3-2018). Deben terse por iniciadas as obras nesta data.

2. *Dar tralado deste acordo á empresa contratista, como trámite de audiencia, polo prazo de dez días”.*

No trámite de audiencia, COPCISA SA, a medio de escrito datado o 22 de maio de 2018, con rexistro dixital, logo de expoñer o que estima oportuno, remata solicitando que se inicien os trámites para resolver o contrato por mutuo acordo.

A responsable do contrato, en informe do 7 de xuño de 2018 insiste no emitido con anterioridade, concluíndo que non entende que nos atopemos ante un suposto de aplicación do artigo 114 do Regulamento da Lei de contratos (...).

O Concello de Becerreá, parte no convenio de colaboración asinado o 19 de decembro de 2016, comunicou á Deputación que non manifesta ningunha consideración sobre o particular de xeito que sexa a Deputación a que tramite o expediente como considere máis convinte aos intereses xerais.

A dirección técnica en escrito con rexistro de entrada do 27 de xuño, reafírmase no informe do 4 de abril de 2018.

Así as cousas e ante o contido diverso dos informes e a situación de parálise no inicio da obra, con un retraso acumulado de varios meses (a acta de comprobación do reformulo que non asinou a empresa é de data 16-3-2018), unido á petición de resolución por mutuo acordo e a diverxencia nas necesidades, aínda que parece menor, entre a dirección facultativa e a responsable do contrato (en tanto que esta última refire algunha circunstancia que poderían afectar á execución, pero ofrecendo alternativas de solución), cómpre instruír os trámites necesarios para solventar esta situación de paralización que supón unha remora para cumprir os fins públicos que motivaron e xustificaron, tanto a tramitación, como a aprobación daquel convenio de colaboración de data 19 de decembro de 2016.



A empresa COPCISA SA, en escrito do 22 de maio último solicitou que se iniciasen os trámites para a resolución do contrato de referencia (Construción Centro de Día e Residencial de Becerreá).

A Xunta de Goberno, en sesión de 3 de agosto de 2018, en atención aos informes incorporados ao expediente, ACORDOU:

1º.- Incoar expediente de resolución do contrato administrativo da obra de BECERREÁ.- Construción Centro de Día e Residencial en Becerreá, por mutuo acordo.

2º.- Dar traslado deste acordo á empresa contratista, como trámite de audiencia, polo prazo de dez días, poñendo a súa disposición o expediente.

3º.- Solicitar informe a dirección facultativa, a responsable do contrato e ao Concello de Becerreá, polo mesmo prazo de 10 días, Becerreá a fin de que se pronuncien tanto sobre a concorrencia de causa de resolución, por mutuo acordo, como sobre os seus efectos e concreción dos dereitos e deberes das partes e a devolución ou incautación (total ou parcial) da fianza.

A empresa adxudicataria, logo de solicitar fotocopia do expediente e ampliación do prazo, (21/08/2018), presentou alegacións na data do 24/08/2018, complementados con posterioridade. No escrito de alegacións presentado o 24/08/2018, insiste na mesma solicitude de resolución por mutuo acordo.

A Dirección Técnica achega escrito na data do 22 de agosto de 2018, no que, en síntese, se remite ao acordo entre as partes e as consideracións dos servizos xurídicos e de contratación da Deputación.

O Concello de Becerreá traslada Decreto da Alcaldía (RXE do 24 de agosto), no que comunica que o Concello, como parte asinante do convenio “Demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal en Becerreá”, non manifesta ningunha consideración sobre o particular de xeito que sexa a Deputación Provincial a que tramite o expediente como considere máis conveniente aos intereses xerais.

Mediante oficio de 27 de agosto, trasladouse fotocopia da documentación solicitada a COPCISA SA e ampliouse o prazo de alegacións por cinco días.

Na data do 07/09/2018, a funcionaria responsable do contrato, logo de explicitar os antecedentes que tivo por conveniente, informa o seguinte:

(...) INFORME:

1. La Dirección de Obra había preparado un acta de replanteo en la que se recogían las consideraciones sobre la ejecución de obra expresadas por la empresa adjudicataria, que ofreció la posibilidad de que estas consideraciones fuesen modificadas o incluso la de redactar un nuevo Acta, pero COPCISA SA se negó a firmar en cualquier caso. De hecho el acta está firmada por todas las partes menos por la empresa adjudicataria.

2. Efectivamente se excedía el plazo máximo establecido por la Ley y el Reglamento para la firma de acta de replanteo y que esto no es imputable al contratista. Sin embargo, no se tiene conocimiento de que el contratista hubiera realizado ningún acto para poner de manifiesto esta situación y por tanto firmar el acta y consecuentemente iniciar la obra.

3. Que los motivos alegados por la empresa para negarse a firmar el acta, como ya se ha justificado en informes anteriores no impiden el comienzo de las obras y que nos reiteramos en los expresado en los mismos.

4. Por último que la configuración arquitectónica del edificio respeta la serevidumbre de vistas del edificio de la parcela colindante en el caso de que estas estuviesen realmente constituidas, ya que se retranquea tres metros respecto de este linde y que por tanto non se comprende en que puede afectar esto a la construcción del edificio proyectado.



En conclusión, y tal y como ya se había expresado en informes anteriores no se aprecia ningún motivo que impida el inicio de la obra siguiendo el proyecto redactado por Don Santiago Catalán Tobía y aprobado por esta Diputación.

En cuanto a la existencia de razones de interés público que puedan hacer innecesario o inconveniente la permanencia del contrato en las que deba basarse el mutuo acuerdo para la resolución del contrato, indicar que no se aprecia ninguna razón que pueda justificar este supuesto. (...)

A medio de escrito rexistrado de entrada o 07/09/2018 O Sr. Director da obra, efectúa as seguintes alegacións:

(...)

Se me hace entrega por parte de los Servicios de Contratación e Fomento de la Excma. Diputación Provincial de Lugo de copia de todos los escritos y documentación existente sobre los incidentes producidos a raíz de la firma de Acta de Replanteo de la Obra citada.

Una vez analizada esta documentación y vistas las alegaciones presentadas por COPCISA SA, me reafirmo en lo manifestado en mis anteriores informes de fechas de 4 de abril de 2018 y 27 de junio de 2018, donde considero que la obra puede comenzarse siguiendo el proyecto por mi redactado con fecha febrero de 2012, no existiendo causa técnica alguna que justifique el aplazamiento del inicio de los trabajos al margen de cualquier otro acuerdo entre las partes o decisión del órgano contratante. (...)

Nesa mesma data do 07/09/2018, COPCISA SA, presenta un novo escrito de alegacións. Neste escrito expóñense unha serie de consideracións acerca de un vial de acceso ou un cambio de "cota". Nese escrito COPCISA SA, insiste na resolución do contrato por mutuo acordo, con devolución de garantía depositada.

As circunstancias indicadas por COPCISA-ainda no caso de ser certas- cabe deducir que serían resolubles a través de unha modificación.

A modificación de contratos é unha opción da Lei, sempre e cando concorran as circunstancias legais habilitantes.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS

En informe emitido por este servizo de Contratación e Fomento na data do 2 de agosto, conformado pola Secretaría e a Intervención, expoñíamos o seguinte:

a) De acordo coa disposición transitoria primeira, apartado segundo, da LCSP, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei, rexeranse en canto aos efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior, isto é polo TRLCSP, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En consecuencia, o marco normativo xeral dos efectos, cumprimento, e extinción dos contratos administrativos, como este de obras, ven establecido no artigo 208 e seguintes do TRLCSP. As normas especiais para o contrato de obras, nos artigos 229 e seguintes. As referencias a comprobación e reformulo no artigo 229 TRLCSP; as modificacións do contrato de obras, no artigo 234, que se be relacionar cos artigos 105 a 108 do propio TRLCSP.

As causas de resolución específicas do contrato de obras, no artigo 237, entre os que se inclúe a demora da comprobación do reformulo e tamén a suspensión na iniciación das obras por un prazo non superior a oito meses, este prazo aínda non se atopa esgotado, pero si consumidos varios meses.

Doutra banda, o artigo 223, g do TRLCSP, como causas de resolución xenérica plantexa a resolución da imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, que non consta que concorra neste suposto; antes ben, parece o contrario e así se ven entendendo nos distintos informes dos servizos provinciais e o propio Director facultativo, aínda que non se debe perder de vista a efectos dialécticos e dunha eventual reclamación do contratista.



b) Doutro lado, e na medida en que en escrito de 22 de maio de 2018 con rexistro de entrada na sé electrónica, a adxudicataria plantexa a extinción por mutuo acordo, cómpre analizar a procedencia ou non da mesma.

Este tipo de extinción está previsto no artigo 223, letra c), tamén coñecido como “mutuo disenso”. A difereza coas restantes causas de resolución, o mutuo acordo no é froito da vontade unilateral da administración, senón da concorrencia do consentimento de ambas partes para deixar sen efecto un contrato vixente (Ditame 3985/1997. Aínda así, dise que non deixa de ser unha prerrogativa da administración, de unha potestade, que pretende fundamentarse nunha razón de interese público, de modo que non abonda que administración e contratista presten o seu consentimento, senón que ademais deben coexistir, simultaneamente, os seguintes requisitos legais:

- a) Que non exista outra causa de resolución imputable ao contratista.*
- b) Que existan razón de interese público que fagan innecesario ou inconveniente a permanencia do contrato.*

O mutuo acordo non debe ser instrumento en base ao que a administración renuncia a unha posible indemnización por outra causa. No expediente non consta unha orde da dirección de obra ou ben emitida dentro das facultades da persoa responsable do contrato, establecendo o prazo de inicio, con advertencias, incumprimento, penalidades, etc, con desobediencia da contratista. Si constan as incidencias, alegacións, informes relacionados nos antecedentes deste informe.

En canto as razóns de interese público, nas que se debe basear o mutuo acordo para a administración, e abonda con invocalas, poden ser diversas, aínda que normalmente recoñécese o suposto en que a administración obtén un aforro económico, como sucede se no mutuo acordo o contratista renuncia a unha indemnización posterior. Acéptase como causas de interese público, a concorrencia de razóns técnicas que xustifiquen a resolución do contrato. Nos informes do responsable do contrato cítanse algúns efectos ou circunstancias en relación coa execución, aínda que resolubles, respecto das que non existe un pronunciamento claro acerca desta eventualidade

pero tal vez puidesen dar “cabida” a resolución por mutuo acordo solicitada pola empresa adxudicataria.

c) A fin de dar resposta a petición da empresa, aínda que formulada a través de un escrito de alegacións pero no que a solicitude, nun dos seus apartado, se centra en que se inicien os trámites para a resolución por mutuo acordo do contrato ha de tramitarse o correspondente procedemento, ponderando que as obras comezaran e levan transcorridos máis de 4 meses, dende a emisión de acta de comprobación de reformulo, sen sinatura da empresa adxudicataria.

Na tramitación deste procedemento que se iniciará –de proceder- polo órgano de contratación debe darse audiencia ao contratista (Art. 211 TRLCSP).

No caso de producirse algunha afectación a fianza constituída tamén se debe escoitar ao avalista.

Neste trámite inicial e a expensas de escoitar á dirección facultativa, á responsable do contrato, así como ao propio Concello de Becerreá (como parte no convenio inicial que establece entre as súas obrigas esta licitación), non efectúa afectación relativa a unha incautación total ou parcial do aval.

En consecuencia, ademais de dar audiencia á empresa, entendemos que na instrución do procedemento debe solicitarse informe –xa emitidos noutros trámites procedimentais anteriores- ás persoas indicadas ao igual que ao propio concello.

No suposto de existir oposición da empresa –improbable en tanto que o solicita, aínda que sen concretar os dereitos e deberes das partes (eventual liquidación) na resolución dese mutuo acordo- deberá solicitarse ditame ao Consello Consultivo de Galicia (Art. 211.3 TRLCSP e lexislación institucional galega). (...)”

Rematábase, informando favorablemente:



“Que o órgano de contratación inicie procedemento para resolución do contrato, por mutuo acordo, garantindo a audiencia do contratista e solicitando informe a Dirección de obra, a responsable do contrato e ao propio Concello de Becerreá a fin de que se pronuncien tanto sobre a concorrencia de causa de resolución, por mutuo acordo, como sobre os seus efectos e concreción dos dereitos e deberes das partes e a devolución ou incautación (total ou parcial) da fianza”.

Da tramitación efectuada, logo da incoación do procedemento, a medio de acordo da Xunta de Goberno, adoptado en sesión de 5 de agosto de 2018, non consta acreditada razón de interese público que xustifique a extinción por mutuo acordo nos termos esixidos pola doutrina e xa anunciados no precedente informe de 2 de agosto de 2018.

Así o Consello do Estado, en diversos informes ten dito: “Para la resolución del contrato por mutuo acuerdo, no basta con la mera invocación de dicha circunstancia, sino que, antes bien, es preciso mencionar las razones de interés público que lo justifican de modo objetivo suficiente, en aras de evitar que sta causa de resolución sirva de cauce para la sustanciación de transacciones solapadas (CEst Dict 34714/1966,17-3-66; 40100/1975, 4-12-75; 44145/1982,6-5-82; 50571/1987,21-5-87).

A vista dos informes emitidos pola funcionaria responsable do contrato e tamén do último informe emitido pola Dirección de obra (7/09/2018), non se contempla causa de interese público para a extinción por mutuo acordo. Antes ben, parece seguirse que non existe obstáculo para o inicio das obras, máis alo de determinadas incidencias resolubles por cauces fixados no ordenamento xurídico.

Debe ponderarse, ademais, a existencia de un convenio de colaboración con Concello de Becerreá, no que se establecían uns compromisos, conducentes a acadar o fin de construír o Centro Residencial que se atopan na fundamentación de motivación desta contratación e das necesidades administrativas a satisfacer.

Ante a presenza de incidencias na execución deste contrato de obra, habituais en contratos desta importancia con relevancia cuantitativa e construtiva, o ordenamento xurídico contractual establece mecanismos para a súa resolución, dentro do poder da dirección que lle

corresponde ao órgano de contratación e as funcións e facultades da dirección de obra: ver as prerrogativas enumeradas no Artigo 210 do TRLCSP e tamén no Art. 97 do RXLCSP (entre outros) aprobado polo RD 1098/2001 do 12 de outubro.

En efecto, o Art. 94.1 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o RXLCAP establece: “La ejecución de los contratos se desarrollará, sin perjuicio de las obligaciones que corresponden al contratista, bajo la dirección, inspección y control del órgano de contratación, el cual podrá dictar las instrucciones oportunas para el fiel cumplimiento de lo convenido.”

O abeiro desta determinación o órgano de contratación pode instruír que se convoque a dirección facultativa e a empresa para que de inicio a execución das obras, establecendo un prazo prudencial, como poder ser o máximo de 10 días dende a notificación deste acordo.”

(...)”.

Logo de ver o informe anteriormente transcrito, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Desestimar tanto a petición de resolución por mutuo acordo do contrato de obra, como a solicitude de devolución da garantía, para a Construción de Centro de Día e Residencial en Becerreá.

2º.- Ordenar ao adxudicatario e a dirección facultativa que se efectúen, dentro do marco legal, os trámites necesarios para o inicio das obras anteriormente mentadas, fixando o prazo máximo de 10 días, dende a notificación deste acordo.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de



construcción, e informe emitido polo director técnico da obra e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial; así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 104+485 al 105+360 y P.K. 105+540 al 106+150 y LU-P-4601 “Fonfria (LU-P-1611)-Pol-Rioxoan (LU-750)”, P.K. 0+000 al 1+450.

Contratista: Explotaciones Gallegas, S.L.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Área de Promoción Económica e Social, manifestando que o desemprego é un importante factor de vulnerabilidade das persoas xa que, un período continuado nesta situación pode dar lugar non só á exclusión do mercado laboral, senón que tamén pode supoñer un elevado risco de exclusión social das persoas pertencentes aos colectivos máis desfavorecidos, xorde o Programa Tecendo Emprego destinado á mellora da empregabilidade.

Tendo en conta que este Programa será financiado por esta Deputación Provincial con cargo ao crédito previsto e por importe de 1.720.000,00 € para o ano 2018 e 2020. Debido a que a adxudicación da subvención ás entidades beneficiarias realizarase a finais do ano 2018 e a adxudicación do traballador será dentro do primeiro trimestre do ano 2019, para poder dar cumprimento á obriga de manter a contratación do traballador durante 12 meses pasaríase ao ano 2020, quedando a distribución do seguinte xeito:

Inclúese un Programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, o cal financia novas contratacións de desempregados durante un período de 12 meses as entidades beneficiarias establecidas no artigo 2 das bases do Programa.

TIPOLOXIA DE GASTO	IMPORTE ASIGNADO	ANUALIDADES	
		2018	2020
Programa de fomento do emprego	1.700.000	850.000 €	850.000 €

Inclúese un Programa de sensibilización e divulgación, consiste nun plan de comunicación para a correcta divulgación do Programa e un Servizo de intermediario, servizo de axuda para o desenvolvemento das accións para o correcto funcionamento das relacións laborais dende o inicio o final do Programa:

TIPOLOXIA DE GASTO	IMPORTE ASIGNADO	ANUALIDADES	
		2018	2020
Plan de sensibilización e divulgación	20.000 €	20.000 €	0

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos desta Excma. Deputación Provincial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Programa Tecendo Emprego por un importe de 1.720.000 € para o ano 2018 e 2020, o cal repartirase nas liñas mencionadas do seguinte xeito:

TIPOLOXÍA DE GASTO	TOTAL	2018	2020
Plan de fomento do emprego	1.700.000 €	850.000 €	850.000 €
Plan de sensibilización e divulgación	20.000 €	20.000€	
TOTAL	1.720.000€	870.000 €	850.000 €

2º.- Aprobar as bases da convocatoria do Programa Tecendo Emprego.



3º- Aprobar o gasto plurianual por un importe de 1.720.000€ a distribuír nas anualidades 2018 e 2020 existindo crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste Pro-grama, na anualidade 2018 polo importe de 870.000 € comprometéndose a incluír no orzamento de 2020 o importe de 850.000 € supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ó cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4º.- Aprobar os modelo de solicitude e xustificación.

10.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE PRONE LUGO, ASOCIACIÓN DEPORTIVA DE SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS E SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS DA PROVINCIA DE LUGO PARA OS GASTOS DA TEMPADA 2015-16 POLA SÚA PARTICIPACIÓN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, ANUALIDADE 2016, CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16 DE DECEMBRO DE 2016, E INICIO DE PROCEDIMENTO DE REINTEGRO PARCIAL E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA.

Logo de ver o expediente relativo á aprobación de conta xustificativa efectuada polo PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, sobre a concesión de subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016 e incoación de procedemento de reintegro.

Resultando que pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada con data 16 de decembro de 2016, se acordou outorgar unha subvención a favor do PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA por importe de 130.839,63 €, e foi aprobado así mesmo o pagamento dun anticipo do 80 % da subvención concedida por importe de 104.671,70 € .

Resultando que as bases da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-2016 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal foron publicadas no BOP, núm. 202 do venres 2 de setembro de 2016.

Por todo elo, logo de ver os informes dos Servizos de Deportes e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a conta xustificativa formulada por PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, relativa á subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por importe de 130.839,63 por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de decembro de 2016, coa redución aplicada á vista de que o gasto xustificable ascende a 76.656,02, polo que correspondería un reintegro de 28.015,68 euros, á vista do adianto do 80 % cobrado polo beneficiario por importe de 104.671,70 euros.

2º.- Iniciar o respectivo procedemento de reintegro parcial, contra PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, relativo á subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 16 de decembro de 2016, e a apertura do correspondente trámite de audiencia, debendo alcanzar o procedemento de reintegro parcial a cantidade de 28.015,68, cos intereses que, segundo á normativa de aplicación, a citada cantidade xere.

3º.- Notificar ao interesado o acordo de incoación e inicio de procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia para que no prazo de 15 días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e efectuar, contra o mesmo, as alegacións que considere pertinentes e



presentar os documentos e as xustificacións que considere apropiadas aos seus dereitos e lexítimos intereses.

11.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2016.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 25 de novembro de 2016, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 20167, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 196 do venres 26 de agosto de 2016, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Escola Lucense de Taekwondo	Taekwondo	1.428,00
Asc. Veteranos Lucus Club Tennis de Mesa	Tenis de Mesa	950,00
Taekwondo Vilalba Jansu	Taekwondo	1.355,00

2º.- Notificar este acordo aos beneficiarios indicándolles que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pódense interpoñer os recursos que se estimen procedentes.

12.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 184 do venres 11 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Club Bolos O Cadaval	Intermodal de Bolos	532,00
Asociación para o fomento do deporte Porto de Burela	Torneo de fútbol A Marosa Club	970,00
Asoc. veciñal e cult. Dep. Protec. Medio Santalla de Sisoí	Campionato de Fútbol Sete	693,00

2º.- Notificar este acordo aos beneficiarios indicándolles que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pódense interpoñer os recursos que se estimen procedentes.

13.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO NA SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA BEN EMPREGADO III.

Logo de ver a proposta presentada pola Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, na que manifesta que detectado erro de transcripción no grupo de cotización, da listaxe de entidades beneficiarias Liña 2 e no Anexo II da Liña 2, na subvención outorgada á entidade beneficiaria do Programa Ben Empregado III, propoñendo a súa corrección. A Xunta de Goberno por unanimidade acorda rectificar o citado erro do seguinte xeito:

Onde di:

CÓDIGO EMPRESA: 2-16-136	NOME: CLUB DE LOITAS OLIMPICAS VILALBA	GR. COT; 10
TRABALLADOR SELECCIONADO	CASTRO SEOANE IVAN	
RESERVAS		
SUBVENCIÓN	16.500,00€	XORNADA XORNADA COMPLETA



Debe decir:

CÓDIGO EMPRESA: 2-16-136		NOME: CLUB DE LOITAS OLIMPICAS VILALBA		GR. COT; 1
TRABALLADOR SELECCIONADO		CASTRO SEOANE IVAN		
RESERVAS				
SUBVENCIÓN	16.500,00€	XORNADA	XORNADA COMPLETA	

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES XERAIS PARA ACCESO ÁS PRAZAS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO.

Resultando que na Oferta de Emprego Público da anualidade 2015 desta Excma. Deputación Provincial, correspondente ao cadro de persoal laboral, contéplase a celebración de procesos selectivos para a cobertura de diversas prazas reservadas a promoción interna.

Logo de ver os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as bases xerais para o acceso ás prazas desta Excma. Deputación Provincial, reservadas a promoción interna vertical no cadro de persoal laboral fixo.

2º.- Ordenar a publicación de ditas bases xerais no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de anuncios desta Entidade Provincial.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A DÚAS PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO, DENOMINADAS “OFICIAL DE OFICIOS MÚLTIPLES”, CLASIFICADAS NO GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RESERVADAS A PROMOCIÓN

INTERNA VERTICAL E/OU HORIZONTAL CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO DO ANO 2015.

Resultando que a Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2015, aprobada por Resolución da Presidencia de 5/03/2015, publicada no Boletín Oficial da Provincia co número 054 o 7/03/2015; constatándose que no cadro de Persoal Laboral figuran reservadas para promoción interna, e en situación de vacantes e dotadas orzamentariamente, as prazas que a continuación se relacionan:

GRUPO/ SUBGRUP	CLASIFICACIÓN	Nº VAC.	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN
C/C2	Persoal Laboral Fixo.	2	3170	Oficial Oficios Múltiples
	Persoal de Oficios		3171	

Logo de ver os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a presente convocatoria e as bases específicas polas que se rexerán as probas de selección para prover dúas prazas (3170 e 3171) de persoal laboral fixo, denominadas Oficial Oficios Múltiples (Grupo C – Subgrupo C2) do cadro de persoal laboral desta Excma. Deputación Provincial, reservadas á promoción interna vertical, correspondentes á Oferta de Emprego do ano 2015.

2º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexen participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de anuncios desta Entidade Provincial.

4º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente proceso selectivo.



16.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº179/2018-C.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 179/2018-C, interposto por MGS Seguros y Reaseguros,S.A, contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos ocasionados nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación debido á irrupción dun corzo na estrada LU-P-1611, (P.K. 62,5), en sentido ascendente; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.